



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Extraordinaria urxente do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO**:

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria urxente do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** xoves 23 de decembro de 2021

**Hora:** 20:00

**Motivación:** Solicitud de expediente administrativo e informe polo Tribunal Administrativo de contratación pública da CCAA de Galicia no prazo de dous días hábiles (recurso especial Nº 291/2021)

**Lugar:** SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. Ratificación da Urxencia.
2. Informe do órgano de contratación (Pleno da Corporación) sobre o recurso especial en materia de contratación (Nº291/2021) interposto por COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L.U. ante o TACGal en data 21/12/2021. Expediente de Contratación N.º 2021/C004/000006.

#### SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da



documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

## TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Cee, mércores 22 de decembro de 2021

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, mércores 22 de decembro de 2021

A secretaria, Rocío Hermida Cancela